MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte e tres de novembro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

8/775 **RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE ABSTENCIÓN PRESENTADA POR DONA CARMEN MARÍA AMALIA TORRE ABUÍN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa do Servizo de Persoal, do 17 de novembro de 2016, na parte expositiva do cal se fai constar:

"Visto o escrito presentado por D.ª Carmen María Amalia Torre Abuín, con DNI 33.815.828-D do seguinte teor:

"CARMEN MARÍA AMALIA TORRE ABUÍN, con DNI: 33.815.828-D, funcionaria de carreira do Concello con categoría de Técnica de Xestión e adscrita ó servizo de Persoal, que se atopa nomeada como Vogal titular do Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado polo Decreto ditado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, con data do 20 de abril de 2016, para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Auxiliar Administrativo, EXPÓN:

Que ó ter coñecemento de que se presenta como aspirante no referido proceso selectivo un familiar moi próximo (esposa dun primo carnal) da muller do meu irmán (2º grado de consanguinidade), coa que DECLARA baixo xuramento ter amizade íntima así como coa súa familia, podendo alegar como proba diso o feito de ser elixidos polo meu irmán e por min para comparecer o marido e irmá da aspirante xunto cun notario no domicilio da miña mai, con data do 3 de novembro en curso, para actuar como testemuñas á hora de formalizar unha escritura de poder xeral ao noso favor, o notario de Lugo, don José Antonio Caneda Goyanes, con domicilio na rúa da Raíña, nº 21-1º desta cidade, nº de protocolo 2075; documento que en principio non se axunta ó presente, por tratarse dunha cuestión de índole persoal e familiar.

Por todo o que, tendo coñecemento así mesmo dos acordos anteriores desa Xunta de Goberno Local números 11/370 e 10/443, adoptados nas sesións celebradas os días 8-6-2016 e 6-7-2016, notificados a mi persoa, nos que se aceptaron outras abstencións por casos similares, SOLICITA, dado o interese persoal que ten no referido proceso selectivo e a amizade íntima coa aspirante e a súa familia, sexa admitida a súa abstención a participar no Tribunal Cualificador do mesmo, de acordo co disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que regula os motivos de abstención para intervir no procedemento, ó entender que concorren varias circunstancias das sinaladas no artigo citado."

Visto o anterior, por parte do Servizo de Persoal procede informar o seguinte:

MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: mHInH5GFqj7rZtl9XdYvBA== PAXINA: 1 / 4
SINATURAS DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL 01/12/2016 11:28:00
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO 01/12/2016 11:28:00

De acordo co artigo 23 de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:
"1. As autoridades e o persoal ao servizo das administracións en quen se dea algunha das circunstancias sinaladas no apartado seguinte absteranse de intervir no procedemento e comunicarano ao seu superior inmediato, quen resolverá o procedente.
2. Son motivos de abstención os seguintes:
a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.
3. Os órganos xerarquicamente superiores a quen se atope nalgunha das circunstancias sinaladas no punto anterior poderán ordenarlle que se absteñan de toda intervención no expediente.
4. A actuación de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas nos que concorran motivos de abstención non implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos en que interviñesen.
5. A non abstención nos casos en que concorra algunha desas circunstancias dará lugar á responsabilidade que proceda."

Segundo o artigo 103 da Constitución española a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao dereito.

O artigo 52 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público dispón igualmente que:
Os empregados públicos deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e deberán actuar de conformidade cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e

CSV: mHInH5GFqj7rZtl9XdYvBA==
PAXINA: 2 / 4
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
01/12/2016 11:28:00
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
01/12/2016 11:28:00

homes, que inspiran o código de conduta dos empregados públicos configurado polos principios éticos e de conduta regulados nos artigos seguintes.
Os principios e regras establecidos neste capítulo informarán a interpretación e aplicación do réxime disciplinario dos empregados públicos.

O Tribunal Supremo ten sinalado en sentenzas como a do 6 de novembro de 2007, que esta concorre cando a falta de abstención pode producir consecuencias na esfera xurídica do funcionario actuante ou pode reportarlle calquera clase de beneficio ou vantaxe persoal.

A sentenza do 14 de febreiro do 2007, tamén do Tribunal Supremo, avoga por unha interpretación desta causa, de acordo co espírito e finalidade da norma para limitar a súa aplicación a aqueles supostos nos que esteamos en presenza dun interese que alcance ou teña a entidade que normalmente sexa capaz de influír na vontade dun home medio. Haberá, polo tanto, que fixar en cada caso concreto a extensión da causa e a súa influencia na decisión para adoptar.

Por parte da que subscribe, enténdese que non basta con alegar a causa de abstención para que esta deba ser aceptada.

De admitirse así, o cumprimento dos deberes inherentes ao cargo poderían verse afectados. É preciso quede acreditado no expediente a causa alegada.

Na solicitude de abstención presentada por D.ª Carmen María Amalia Torre Abuín, á vista da manifestación de amizade cunha aspirante do proceso selectivo para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Auxiliar Administrativo e coa súa familia, procedería estimar a súa solicitude."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta, conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA** a estimación da solicitude de abstención presentada por dona Carmen María Amalia Torre Abuín e a designación de don Justo Díaz Rodriguez, Técnico (Adxunto de Servizo) do Concello de Lugo, como vogal titular do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura interina nos supostos previstos no artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do

MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: mHInH5GFqj7rZtl9XdYvBA==
PAXINA: 3 / 4
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
01/12/2016 11:28:00
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
01/12/2016 11:28:00

Estatuto básico do empregado público, de prazas funcionario/a na categoría de **Auxiliar Administrativo/a.**

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e o do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.

CSV: mHInH5GFqj7rZtl9XdYvBA==
PAXINA: 4 / 4
SINATURAS
DATAS(UTC)
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
01/12/2016 11:28:00
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
01/12/2016 11:28:00